

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Relación provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de consolidación de emprego temporal (1 praza de Operario Mantemento, persoal laboral fixo)

ANUNCIO

Con data de 30 de marzo de 2023, ditouse pola Alcaldía deste Concello de Negreira o Decreto número 87/2023, cuxo contido é o seguinte:

“DECRETO

ASUNTO: DECRETO DE APROBACIÓN DA RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA A PRAZA DE **OPERARIO MANTEMENTO** (PERSOAL LABORAL FIXO) INCLUÍDA NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL NO CONCELLO DE NEGREIRA NO ANO 2022 Ó ABEIRO DA LEI 20/2021 DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.

Expediente: 2023/G003/000085

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña.

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ao que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Visto que as bases xerais que regularán as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do concello de Negreira incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 foron aprobadas por resolución de Alcaldía con número de Decreto 299/2022, de 20 de decembro de 2022; e publicadas no BOP da Coruña núm. 243, de 26 de decembro de 2022.

Vista a convocatoria publicada no BOE nº 38, de 14/02/2023.

Vistas as solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo para a praza de **Operario Mantemento** incluída na oferta pública de emprego extraordinaria para a estabilización do emprego temporal no Concello da Negreira no ano 2022 ó abeiro da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no citado proceso selectivo: LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS:

Posto:	Nome e Apelidos	D.N.I
Operario Mantemento	JULIO GUARDADO VILACOBA	****9905C

LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS:

Posto:	Nome e Apelidos	D.N.I	MOTIVO
Operario Mantemento	FRANCISCO GARCÍA DIESTE	****1084K	Non presenta Anexo I (instancia solicitude). (* Non acredita coñecemento galego)

(* Todos os aspirantes que no prazo de enmenda non acrediten o coñecemento de galego esixible nas bases que rexen cada proceso selectivo, deberán superan unha proba de coñecemento de lingua galega, aportando no prazo de enmenda otorgado neste decreto, novamente o Anexo I (solicitude) sinalando a non exención do exame de galego.

Segundo.- As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas persoas que non figuren nas listaxes, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

Terceiro.- Facer pública esta Resolución mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na sede electrónica e na páxina web do Concello de Negreira.

Negreira, na data de sinatura electrónica

O alcalde.

Manuel Ángel Leis Míguez”

Negreira, 30 de marzo de 2023

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2023/2380